

subscritos por...», debe dicir: «... actividades lectivas ou outras actividades académicas, subscritos por...».

Na páxina 345, primeira columna, no artigo 149.4.a), onde di: «... de 150 a 300 euros.», debe dicir: «... de 151 a 300 euros.».

Na páxina 347, primeira columna, no artigo 155.1, onde di: «... orde do Ministerio do Interior...», debe dicir: «... orde do ministro da Presidencia, por proposta dos ministros do Interior e de Administracións Públicas...».

Na páxina 347, primeira columna, no artigo 155.2, onde di: «... orde do ministro da Presidencia, por proposta conxunta dos ministros do Interior e de Administracións Públicas...», debe dicir: «... orde do ministro do Interior...».

Na páxina 348, primeira columna, no artigo 158, primeiro parágrafo, onde di: «Nos supostos...», debe dicir: «1. Nos supostos...».

Na páxina 350, segunda columna, na disposición adicional primeira.3, segundo parágrafo, onde di: «... nos artigos 55.a) e b)...», debe dicir: «... no artigo 55.2.a) e b)...».

Na páxina 352, segunda columna, na disposición adicional décima, cuarta liña, onde di: «... e subdelegados do Goberno, con base...», debe dicir: «... e subdelegados do Goberno, baixo a dependencia funcional destes dous últimos ministerios, con base...».

Na páxina 352, segunda columna, na disposición adicional décima, sétima liña, onde di: «... e de traballo, así como...», debe dicir: «... e de traballo, cédulas de inscrición, así como...».

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

9060 *ORDE SCO/1591/2005, do 30 de maio, sobre o Sistema de Información Nacional de Auga de Consumo.* («BOE» 131, do 2-6-2005.)

O Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, traspuxo ao noso ordenamento xurídico a Directiva 98/83/CE, do 3 de novembro, relativa á calidade da auga destinada ao consumo humano.

O artigo 30 do Real decreto 140/2003, establece un sistema de información relativo ás zonas de abastecemento e control da calidade da auga de consumo humano denominado Sistema de Información Nacional de Auga de Consumo (SINAC). O mesmo artigo determina que a utilización e subministración de datos en soporte informático ao SINAC será obrigatoria para todas as partes implicadas na subministración de auga de consumo humano. Así mesmo, no punto 3 deste mesmo artigo facúltase a ministra de Sanidade e Consumo para o seu desenvolvemento normativo.

O SINAC é un sistema de información sanitaria que actualmente está sustentado por unha aplicación informática a través da internet, xestionando datos sobre as características das zonas de abastecemento e sobre a calidade da auga de consumo humano en España.

O obxectivo principal do SINAC é identificar no ámbito local, autonómico e nacional a calidade da auga de consumo humano e das características dos abastecementos, mediante a carga de información, sobre zonas de abastecemento, captacións, plantas de tratamento, depósitos, cisternas de transporte, redes de distribución, laboratorios de control, inspeccións sanitarias nos abastecemen-

tos e calidade da auga de consumo humano, co fin de prever os posibles riscos para a saúde derivados da posible contaminación da auga de consumo.

A explotación da información introducida no SINAC permitirá: cumprir coa obriga de informar a Unión Europea, detectar posibles incumprimentos e riscos para a poboación derivados da inxestión de auga de consumo humano, facilitarlle ao cidadán información básica das zonas de abastecemento e da calidade da auga de consumo humano, e achegarlles información ás autoridades competentes e aos usuarios do SINAC sobre as características das infraestruturas que compoñen os abastecementos.

A información que recolle o SINAC refírese a: características das zonas de abastecemento (captacións, plantas de tratamento, depósitos, cisternas, redes de distribución), laboratorios de control, boletíns de análise, incumprimentos e alertas hídricas, autorizacións de excepción e inspeccións sanitarias.

Cando a aplicación estea completamente implantada, prevense uns 40.000 usuarios profesionais a longo prazo, pertencentes a concellos, abastecedores, laboratorios, inspectores sanitarios, consellerías de Sanidade, Ministerio de Sanidade e Consumo.

Ademais dos usuarios profesionais, os consumidores tamén terán acceso a un resumo da información relativa a cada zona de abastecemento, conforme o previsto no artigo 29 do Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro.

Por outra parte, a información recollida no SINAC permitirá realizar de maneira eficaz levar a cabo o disposto na disposición adicional primeira, relativa aos programas nacionais, onde se establece a necesidade de coordinación dos programas de vixilancia sanitaria destinados a prever os posibles riscos para a saúde derivados do consumo de auga.

A explotación dos datos facilitará o cumprimento do disposto na disposición adicional quinta do Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, que establece a obriga de elaboraren informes periódicos sobre as características das infraestruturas e da calidade da auga de consumo humano, as comunidades autónomas no ámbito do seu territorio e a Dirección Xeral de Saúde Pública do Ministerio de Sanidade e Consumo, informes nacionais que lles remitirá á Unión Europea e a outros organismos internacionais.

Por último, os datos de carácter persoal rexeranse segundo o disposto na Orde do 21 de xullo de 1994.

Esta orde, que se dita en uso da facultade atribuída no artigo 30.3 do Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, ten como finalidade facilitar o efectivo cumprimento do citado real decreto.

Na súa elaboración foron oídos os sectores e organismos afectados, e consultadas as comunidades autónomas.

Na súa virtude, dispoño:

Primeiro. *Obxecto.*—Esta disposición ten como obxecto desenvolver o Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, no relativo ao sistema de información nacional de auga de consumo SINAC, describindo as súas características xerais e as particularidades da aplicación informática a través da internet que lle dá soporte, co fin de coñecer e prever os posibles riscos para a saúde da poboación provocados pola contaminación da auga.

Segundo. *Ambito de aplicación.*

1. Esta disposición será de aplicación a toda zona de abastecemento ou partes dela, definida no punto 21 do artigo 2, do Real decreto 140/2003, que:

a) Distribúaa como media diaria anual máis de 10 metros cúbicos de auga de consumo humano recollida nas alíneas a) e b) do punto 1 do artigo 2 do Real decreto 140/2003.

b) Distribuíndo menos de 10 metros cúbicos diarios como media diaria anual, teña unha actividade comercial ou pública recollida nas alíneas b) e c) do punto 1 do

artigo 2 do Real decreto 140/2003. Para estes casos, a autoridade sanitaria poderá dar exencións do cumprimento deste punto, nos seus programas de vixilancia autonómica ou ben ás zonas de abastecemento que así o soliciten, que se rexerán segundo estipule a comunidade autónoma correspondente.

Terceiro. *Obrigatoriedade.*

1. O uso da aplicación do SINAC a través da internet é obrigatorio para:

- a) Toda persoa ou entidade pública ou privada que xestione zonas de abastecemento ou as súas infraestruturas ou que controle a calidade da auga de consumo humano.
- b) Os municipios.
- c) A autoridade sanitaria competente que realice inspeccións sanitarias e/ou outorgue autorizacións de excepción.
- d) O Ministerio de Sanidade e Consumo.
- e) Calquera outro organismo público ou privado que estea relacionado coa xestión dalgunha das partes do abastecemento ou co control da calidade da auga de consumo humano ou ben coa auga destinada á produción de auga de consumo humano.

2. As entidades xestoras serán responsables de que os datos do autocontrol, xerados por laboratorios públicos ou privados, estean recollidos no SINAC. Así mesmo, as entidades locais serán responsables de que os datos de control en billa do consumidor estean recollidos no SINAC.

3. A información contida no SINAC debe ser actualizada puntualmente.

4. A autoridade sanitaria autonómica velará para que as entidades xestoras das zonas de abastecemento, infraestruturas e laboratorios fornezan e actualicen as informacións que recolle o SINAC, dentro das competencias propias da vixilancia sanitaria da auga de consumo humano.

5. Será obrigatorio cubrir todos os datos que aparecen en cada un dos formularios que compoñen a aplicación.

6. No caso de que algún xestor teña dificultades para conseguir certa información exigida por SINAC para as infraestruturas, comunicarlle á autoridade sanitaria autonómica o prazo en que pode completar a información, tendo como prazo máximo un ano desde a alta da infraestructura no SINAC para completar o cuestionario da infraestructura. Para aquelas infraestructuras que no momento da entrada en vigor fosen notificadas, o prazo dun ano empezará a contar a partir da entrada en vigor desta disposición.

7. As entidades xestoras públicas ou privadas son responsables da veracidade dos datos cargados polas persoas que designaron como usuarios profesionais da súa entidade.

Cuarto. Acceso ao SINAC.

1. O acceso ao SINAC na internet realizarase a través do portal do Ministerio de Sanidade e Consumo. No devandito enderezo encontraranse, á disposición dos usuarios do SINAC, o manual do usuario e os procedementos técnicos actualizados, así como outros documentos de interese.

2. Entenderase como acceso profesional ao SINAC:

a) O restrinxido ao persoal vinculado profesionalmente ás entidades públicas ou privadas que xestionan as zonas de abastecemento, as infraestruturas (captacións, estacións de tratamento, depósitos, redes de distribución e cisternas), os laboratorios públicos ou privados que realicen controis da auga de consumo humano, á Administración sanitaria competente, ao Ministerio de Sanidade e Consumo, así como a outros organismos públicos con competencias en auga de consumo humano.

b) O restrinxido ás persoas físicas ou xurídicas que, sen teren unha vinculación profesional directa ás entidades públicas ou privadas de xestión das zonas de abastecemento, xustifiquen a necesidade de datos para fins de investigación, estudos, estatísticas e similares; estas persoas poderán solicitar, por un período de tempo limitado, ter acceso a parte da información dispoñible no sistema, preservándose a privacidade e identidade da orixe dos datos.

Quinto. Información ao consumidor.–Para lle dar cumprimento ao artigo 29 do Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, o consumidor poderá consultar información xeral sobre calquera zona de abastecemento que estea dada de alta en SINAC, nunha funcionalidade distinta ao acceso profesional e a través do portal do Ministerio de Sanidade e Consumo.

Sexto. Tipos de usuarios.

1. Os perfís iniciais de usuarios no acceso profesional son:

a) Notificador: usuario de municipios, de empresas abastecedoras e/ou de laboratorios.

Funcións: dá de alta as zonas de abastecemento, infraestruturas e laboratorios.

b) Usuario básico: usuario de municipios, empresas abastecedoras e/ou laboratorios.

Funcións: carga datos, consulta e realiza saídas sobre os datos por el xerados ou aos cales a súa entidade está asociada.

c) Administrador básico: usuario de municipios e/ou de empresas abastecedoras.

Funcións: administra usuarios básicos da súa entidade. Descarga información de SINAC a través de ficheiros de intercambio correspondente ás zonas de abastecemento ou partes dela que xestionen; consulta e realiza saídas.

d) Usuario autonómico: usuario da Administración autonómica.

Funcións: carga os datos da súa competencia e accede a consultas e saídas de información procedente dos niveis básicos no ámbito da súa comunidade autónoma.

e) Administrador autonómico: usuario da Administración autonómica.

Funcións: administra os usuarios básicos, cuxas entidades non teñan administrador básico, usuarios autonómicos e administradores básicos; accede a consultas e saídas de información da súa comunidade autónoma; acepta e rexeita as solicitudes de altas de zonas, infraestruturas e/ou laboratorios da súa comunidade autónoma.

f) Usuario ministerial: usuario da Administración xeral do Estado.

Funcións: carga datos da súa competencia e accede a consultas e saídas da información que reside no SINAC.

g) Administrador da aplicación:

Funcións: crea e mantén os usuarios ministeriais, administradores autonómicos e usuarios estatais. Crea e mantén os grupos de usuarios. Carga táboas mestras externas e mantén as táboas internas.

2. Os usuarios profesionais poderán dispor de máis dun perfil, pero cada usuario profesional só pode estar dado de alta nunha entidade ou organismo.

Sétimo. *Altas de usuarios profesionais.*

1. Para os casos recollidos no número 2.a) do punto cuarto desta normativa:

a) Previamente á alta no SINAC, as autoridades sanitarias autonómicas deberanlle comunicar de forma oficial e por escrito, ao Ministerio de Sanidade e Consumo, unha listaxe das persoas dependentes deles, que solicitarán o acceso profesional ao SINAC, como administradores autonómicos, cos seus nomes, apelidos e documento nacional de identidade (DNI).

b) De igual forma, un responsable de cada organismo ou entidade xestora deberalle comunicar de forma oficial e por escrito, á autoridade sanitaria autonómica competente, unha listaxe das persoas dependentes deles, que lle solicitarán o acceso profesional ao SINAC, cos seus nomes, apelidos, DNI, funcións que desempeñarán, perfís de usuario e territorio de actuación.

Os administradores básicos débennles solicitar a alta a todos os administradores autonómicos afectados territorialmente polas zonas de abastecemento que xestione a súa entidade.

c) Para rexistrarse como usuario profesional no SINAC requirírase:

1.º Figurar nalgunha das listaxes recollidas nos puntos 1 e 2 desta epígrafe.

2.º Ter instalado o certificado dixital persoal, clase 2CA da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre, ou calquera outro certificado electrónico admitido polo Ministerio de Sanidade e Consumo, no navegador da internet do ordenador utilizado para conectarse ao SINAC.

3.º Rexistrarse como usuario do SINAC, desde a propia aplicación.

d) Cando se rexistre o primeiro usuario profesional dun organismo ou entidade xestora, cargará o nome da entidade ou organismo, que o identificará na aplicación e que deberá ser utilizado polos demais usuarios do organismo ou entidade xestora.

e) Cando unha entidade xestora contrate unha empresa para a gravación dos datos das infraestruturas, deberá ser unha empresa de xestión de datos informáticos e o/os usuario/s da empresa contratada deberanse dar de alta en SINAC como usuarios da entidade contratante e subscribir unha cláusula de confidencialidade.

No caso de que a xestión sexa municipal, a carga de datos poderá ser realizada por outras entidades locais supramunicipais, se o aseguramento da prestación integral e adecuada da competencia municipal o require.

f) A solicitude de alta dos notificadores e usuarios básicos deberá ser validada desde a propia aplicación, polo correspondente administrador autonómico.

No caso de que a entidade xestora dispoña de administrador básico, este debe validar as devanditas solicitudes, sempre desde a propia aplicación.

g) O rexistro como usuario profesional no SINAC terá unha validez ilimitada salvo que o responsable do organismo ou da entidade xestora lle comunique a baixa por escrito á autoridade sanitaria, en caso de notificadores, usuarios básicos ou administradores básicos, ou ao Ministerio de Sanidade e Consumo en caso de administradores autonómicos. A comunicación da baixa deberá ir acompañada do nome do usuario ao cal se lle deben transferir os datos cargados.

2. Para os casos recollidos no número 2.b) do punto cuarto deberán:

a) Comunicar por escrito ao Ministerio de Sanidade e Consumo, polo menos quince días antes da solicitude de alta no SINAC, indicando os motivos que xustifiquen a necesidade de acceso ao sistema.

b) Ter instalado o certificado dixital persoal, clase 2CA da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre, ou calquera outro certificado electrónico admitido polo Ministerio de Sanidade e Consumo, no navegador da internet do ordenador utilizado para conectarse ao SINAC.

c) Rexistrarse como usuario por tempo determinado, desde a propia aplicación.

Oitavo. *Entidades asociadas.*

1. Os xestores de todas as zonas e infraestruturas deberán incluír obrigatoriamente como entidades asociadas, en todos os rexistros de que son titulares, os

concellos ou organismos municipais competentes, dos municipios que abarquen as redes de distribución e a autoridade sanitaria provincial e/ou da unidade territorial sanitaria, que previamente deberán estar dados de alta no SINAC.

2. Os xestores das infraestruturas que subministran ou venden auga a terceiros deben incluír obrigatoriamente, como entidades asociadas ás entidades xestoras, que reciben ou compran esa auga.

3. Calquera outra asociación entre dúas entidades xestoras debe ter fixadas as limitacións de acceso dos usuarios de ambas as entidades.

Noveno. *Validez oficial da información do SINAC.*

1. Cando a autoridade sanitaria autonómica non dispoña o contrario nas súas normas para a elaboración dos protocolos de autocontrol e xestión, e fixe outros procedementos no seu programa de vixilancia, a información recollida no SINAC substituirá a recollida no libro de rexistro analítico e comunicación de incumprimentos.

2. Cando a autoridade sanitaria sospeite que existe unha contaminación da auga de consumo, poderá requirir do xestor a información noutro formato distinto ao SINAC, segundo dispoña no seu programa de vixilancia.

Décimo. *Garantía de seguridade.*—O Ministerio de Sanidade e Consumo adoptará en todo momento as medidas de índole técnica e organizativas necesarias, que garantan a seguridade dos datos e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, tendo en conta o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos a que están expostos, xa proveñan da acción humana xa do medio físico ou natural.

Décimo primeiro. *Ficheiros de intercambio.*

1. Segundo o disposto no punto 2.g) do artigo 30 do Real decreto 140/2003, o SINAC permite a carga dos boletíns de análise e descarga de información a través de ficheiros en formato XML.

2. As características da funcionalidade de carga de información no SINAC son:

a) Carga masiva de información de boletíns de análise, métodos de ensaio e puntos de mostraxe. A carga está controlada en número de rexistros e tamaño de ficheiro e os valores son configurables.

b) A carga de información pódese realizar «en liña» ou «fóra de liña».

c) Realízanse as mesmas validacións de datos e de privilexios de usuario que na entrada de información por formulario.

3. As características da funcionalidade de descarga de información do SINAC son:

a) Descarga en ficheiro XML de toda a información á cal pode acceder o usuario.

b) Os controis de acceso á información están implícitos na conexión do usuario.

Décimo segundo. *Prazos para o fornecemento de datos ao SINAC.*

1. Os prazos previstos para fornecer os datos ao SINAC son para:

a) A notificación e fornecemento dos datos das zonas de abastecemento, infraestruturas e laboratorios:

1.º Zonas de abastecemento que subministran máis de 1.000 m³ por día (máis de 5.000 habitantes abastecidos), antes do 1 de xullo de 2005.

2.º Zonas de abastecemento que subministran entre 100 e 1.000 m³ por día (entre 500 e 5.000 habitantes abastecidos), antes do 1 de decembro de 2005.

3.º Zonas de abastecemento que subministran menos de 100 m³ por día (menos de 500 habitantes abastecidos), antes do 1 de decembro de 2006.

b) Os boletíns de análise, cuxa toma de mostra sexa en datas posteriores á entrada en vigor desta normativa, deberán ser cargados cun prazo de sete días naturais tras a elaboración do informe dos resultados analíticos, sen prexuízo da vía de transmisión prevista pola autoridade sanitaria autonómica no seu programa de vixilancia para as situacións de incumprimento.

Décimo terceiro. *Informes nacionais.*—Con base nos datos cargados no SINAC, a Dirección Xeral de Saúde Pública do Ministerio de Sanidade e Consumo elaborará e publicará un informe nacional correspondente a cada ano natural, dividido en dous tomos.

No primeiro semestre do ano publicarase o tomo I, referido aos datos do ano anterior sobre a calidade da auga de consumo humano, incumprimentos e laboratorios e, ao longo do segundo semestre, publicarase o tomo II, relativo ás zonas de abastecemento, infraestruturas e inspeccións sanitarias.

Décimo cuarto. *Boletíns de análise correspondentes ao período anterior á entrada en vigor desta norma.*

1. Os boletíns do ano 2003:

a) Os xestores das zonas de abastecemento que subministren máis de 1.000 m³ por día deberán introducir os datos correspondentes ao ano 2003 relativos á calidade da auga de consumo antes do 1 de xullo de 2005. Se fose necesario, deberán dar de alta os puntos de mostraxe utilizados durante o ano 2003.

b) No caso de non ser posible a introdución da totalidade dos boletíns de análise do ano 2003, os xestores das devanditas zonas comunicaranlle á autoridade sanitaria competente os motivos que impediron a carga dos datos, de forma suficiente e razoada.

2. Os boletíns xerados desde o 1 de xaneiro de 2004 ata a entrada en vigor desta normativa:

a) Os xestores das zonas de abastecemento que subministren máis de 1.000 m³ por día deberán ter introducidos os datos correspondentes ao ano 2004 relativos á calidade da auga de consumo antes do 1 de xullo de 2005.

b) Os xestores das zonas de abastecemento que subministren entre 100 e 1.000 m³ de auga por día deberán ter introducidos os datos correspondentes ao ano 2004 e 2005, como data límite, seis meses despois da notificación da infraestrutura, contando a partir da data de entrada en vigor desta disposición.

c) Os xestores das zonas de abastecemento que subministren menos de 100 m³ de auga por día deberán ter introducidos os datos correspondentes aos anos 2004, 2005 e 2006, como data límite, seis meses despois da notificación da infraestrutura, contando a partir da data de entrada en vigor desta disposición.

Décimo quinto. *Ficheiros de datos de carácter persoal.*—Os datos de carácter persoal rexeranse segundo o disposto na Orde do 21 de xullo de 1994 pola que se regulan os ficheiros de datos persoais do Ministerio de Sanidade e Consumo.

Décimo sexto. *Entrada en vigor.*—Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 30 de maio de 2005.

SALGADO MÉNDEZ

XEFATURA DO ESTADO

9394 *LEI 8/2005, do 6 de xuño, para compatibilizar as pensións de invalidez na súa modalidade non contributiva co traballo remunerado.* («BOE» 135, do 7-6-2005.)

JUAN CARLOS I
REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A regulación actual dificulta a integración laboral dos discapacitados que perciben prestacións da Seguridade Social non contributivas por presentaren un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por 100, posto que a realización dunha actividade profesional lucrativa comporta, automaticamente, a redución da pensión non contributiva na mesma contía que a retribución obtida.

Esta regulación comporta que persoas discapacitadas que poderían acceder a algunha actividade remunerada, non o fagan cando esa remuneración sexa de baixa contía, posto que non existe compensación ningunha adicional polo feito de traballar e mesmo se corre o risco de perder a prestación, ao que se debe sumar o medo existente aos obstáculos que se poidan presentar para recuperar o momento de cesar no traballo retribuído, malia que o artigo 144 da Lei xeral da Seguridade Social establece a recuperación automática da pensión.

Esta dificultade, que comporta unha menor integración laboral das persoas con discapacidade, poderíase minimizar flexibilizando a penalización que, para os que xa están percibindo a pensión non contributiva, representa hoxe o exercicio dunha actividade lucrativa, de maneira que os perceptores destas pensións as puidesen compatibilizar cos ingresos do traballo, durante os catro anos seguintes ao inicio da actividade, ata o límite do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM). A partir do devandito límite, a prestación reducirase nunha cantidade igual ao 50 por 100 da renda percibida por encima de tal contía.

Aprovéitase a presente lei para eliminar a incompatibilidade establecida a partir do 1.º de xaneiro de 2004 entre a pensión de orfandade, nos supostos de orfo con 18 anos ou máis e incapacitado para todo traballo, e a asignación económica por fillo a cargo, coa idade indicada e un grao de minusvalidez igual ou superior ao 65 por 100. Coa nova regulación, que non supón incremento de custo ningún, dado que a incompatibilidade indicada non tiña efectos prácticos, tras a aprobación do Real decreto 364/2004, do 5 de marzo, de mellora das pensións de orfandade en favor de minusválidos, aténdese unha demanda unánime dos colectivos de persoas minusválidas, ao mesmo tempo que se dota o ordenamento da Seguridade Social dunha maior seguridade xurídica, de modo que as regras que regulen, dunha forma efectiva, a compatibilidade ou incompatibilidade das prestacións sociais públicas se conteñan en disposición con rango de lei.

Artigo único. *De modificación do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.*

Un. Modifícase o punto 2 do artigo 145 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado